



<http://ec.europa.eu/life>

**TÍTULO DO PROXECTO: XESTIÓN INTEGRADA DOS RECURSOS HÍDRICOS E A SÚA APLICACIÓN NO PLANEAMENTO LOCAL DO L.I.C ABEGONDO – CECEBRE**

**DENOMINACIÓN ABREVIADA: AQUA-PLANN PROJECT**

**DURACIÓN: 2009 – 2012**

**ÁMBITO DE APLICACIÓN: ENCORO DE ABEGONDO - CECEBRE E BACÍA HIDROGRÁFICA DO MERO-BARCÉS**

**BENEFICIARIO COORDINADOR:**



CONCELLO DE  
**ABEGONDO**



Abegondo  
Núcleo de  
Sostibilidade

**BENEFICIARIOS ASOCIADOS:**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ORZAMENTO TOTAL: 987.564,00 €**

**CONTRIBUCIÓN FINANCEIRA DA COMISIÓN EUROPEA: 333.304,00 €**

O PROGRAMA LIFE+: é o único instrumento financeiro da Unión Europea dedicado, de forma exclusiva, ao medio ambiente para o período 2007-2013.

O seu obxectivo xeral é contribuír á aplicación, actualización e desenvolvemento da política e a lexislación comunitaria en materia de medio ambiente, incluída a integración do medio ambiente noutras políticas, co fin de contribuír ao desenvolvemento sostible.

O proxecto AQUA-PLANN PROJECT, presentado na convocatoria 2007, foi aprobado pola Comisión Europea xunto a outros 143 proxectos da Unión Europea, dos cales 22 son españois e 3 galegos.


O ENCORO ABEGONDO – CECEBRE: situado na confluencia dos ríos Mero e Barcés, ocupa unha superficie de 363 hectáreas das que aproximadamente o 80% pertencen ao termo municipal de Abegondo. Os municipios de Culleredo, Cambre, Oleiros, Carral, Betanzos, Oza, Cerceda, Cesuras e Mesía completan a titularidade dos terrenos que conforman a bacía.

A zona na que se enmarca o proxecto ten unha relación histórica moi particular como “fonte” da Área Metropolitana da Coruña á que abastece de auga potable dende hai máis de 100 anos. Na actualidade da servizo a preto de 500.000 persoas.

O encoro presenta un elevado grao de naturalidade e unha notable beleza paisaxística. Constitúe un espazo incluído dentro da Rede Natura 2000, catalogado como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e declarado pola Comunidade Autónoma de Galicia Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.



<http://ec.europa.eu/life>




**A DIRECTIVA MARCO DE AUGA (DMA):** é unha norma do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea (UE) pola que se establece un marco de actuación comunitario no ámbito da política de augas. A implantación da DMA produciu un cambio radical na concepción do uso e xestión da auga que había na UE.



Mediante esta Directiva, a UE organiza a xestión das augas superficiais, continentais, de transición, augas costeiras e subterráneas, co fin de previr e reducir a súa contaminación, fomentar o seu uso sostible, protexer o medio acuático, mellorar a situación dos ecosistemas acuáticos e paliar os efectos das inundacións e das secas.

**O PROXECTO “AQUA-PLANN PROJECT”:** nace co obxectivo principal de asegurar e protexer a calidade das augas actuais e futuras na bacía hidrográfica dos ríos Mero e Barcés e no Encoro Abegondo-Cecebre.



O éxito desta iniciativa, experiencia piloto en Galicia e Europa, colocará á área de actuación, e de xeito especial ao concello de Abegondo, na vangarda da aplicación da DMA dentro da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e servirá de futuro modelo para levar a “nova cultura da auga” a outras bacías e concellos.

Os resultados esperados responden á consecución dos seguintes metas:

- Mellorar o goberno dos recursos hídricos da bacía Mero-Barcés, así como a coordinación entre os axentes involucrados na súa xestión e uso.
- Asegurar a coherencia e adecuación das normativas municipais de Abegondo coas diferentes políticas hídricas autonómicas, estatais e europeas.
- Promover actuacións demostrativas de actuacións ambientais sostibles e axeitadas á DMA no ámbito e área de influencia do LIC Abegondo – Cecebre.
- Sensibilizar e educar aos axentes involucrados, grupos de interese e á cidadanía en xeral da bacía hidrográfica e da Área Metropolitana de A Coruña sobre a importancia da xestión racional dos recursos hídricos, con especial énfase na implantación de metodoloxías de participación pública na toma de decisións.

O CONCELLO DE ABEGONDO: é o beneficiario coordinador do proxecto **AQUA-PLANN**. Actúa como único responsable legal e financeiro ante a Comisión Europea. Executará as seguintes actuacións:



**Abegondo**  
Núcleo de  
Sostibilidade

- **Inventario detallado de captacións e verteduras na bacía do Mero-Barcés.**
- **Diagnose e estudo detallado do estado actual da calidade das augas subterráneas.**
- **Estudo de viabilidade de melloras no abastecemento e saneamento da poboación rural dispersa do Municipio de Abegondo.**
- **Promoción de boas prácticas nas captacións de augas subterráneas.**
- **Promoción de boas practicas nas solucións de autosaneamento.**
- **Establecemento dunha Mesa de participación cidadá para a xestión hídrica da conca e políticas de tarificación.**
- **Establecementos dun sistema de audiencias públicas ambientais.**
- **Establecemento dunha Mesa de xestión e goberno hídrico cos "Stakeholders" involucrados.**
- **Definición de metodoloxía para a integración da DMA no plan local.**
- **Declaración de Espacios Naturales de Interés Local.**
- **Transposición das directrices da DMA ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Abegondo.**
- **Incorporación de normativa específica no PXOM en referencia os riscos de contaminación das augas.**
- **Diseminación de obxectivos e resultados en escolas e institutos.**
- **Implantación da "Xornadas da Auga de Abegondo".**

EMALCSA: é a empresa que presta o servizo de abastecemento de augas ao término municipal de A Coruña e toda a súa área de influencia. Actúa no proxecto como beneficiario asociado e será o responsable de levar a cabo as seguintes actuacións:





- **Análise de risco de contaminación a escala de bacía e deseño dun plan de continxencia.**
- **Estudo detallado da calidade das augas, a colmatación e o grao de eutrofización do Encoro de Abegondo – Cecebre.**
- **Campañas mediáticas de sensibilización na Área Metropolitana da Coruña**
- **Implantación da "Xornadas da Auga da Coruña" .**

**A XUNTA DE GALICIA NO PROXECTO AQUA-PLANN PROJECT: A Xunta de Galicia participa neste proxecto a través do organismo autónomo Augas de Galicia e da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellería do Medio Rural, que actúan como socios beneficiarios.**



**En concreto as actuacións a desenvolver por estes organismos serán as seguintes:**

<b>Augas de Galicia</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Estudo da planificación hídrica existente.</b></li> <li>● <b>Implantación dunha rede piloto para o control automático de verteduras mediante a monitorización da calidade das augas da bacía.</b></li> <li>● <b>Recuperación da calidade e aseguramento da potabilidade dos mananciais públicos no municipio de Abegondo.</b></li> <li>● <b>Execución de sistemas piloto de saneamento baseados en tecnoloxías "brandas".</b></li> <li>● <b>Campaña mediática explicativa dos principios da DMA en toda a bacía e Área Metropolitana da Coruña.</b></li> </ul>	

<b>Consellería do Medio Rural Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Actuación de mellora de bosques de ribeira no ámbito do Encoro Abegondo - Cecebre.</b></li> <li>● <b>Optimización do aproveitamento do zurro de porcino como fertilizante orgánico.</b></li> </ul>	

**FINANCIAMENTO E PAGAMENTOS: A contribución financeira e as condicións económicas da participación dos integrantes do proxecto encóntranse recollidas no seguinte cadro:**

	<b>TOTAL</b>	<b>contribución UE</b>	<b>contribución SOCIO</b>
Concello de Abegondo	283.078	141.471	141.607
Augas de Galicia	501.716	109.716	392.000
Consellería do Medio Rural	100.770	45.117	55.653
Emalcsa	102.000	37.000	65.000
<b>TOTAL</b>	<b>987.564</b>	<b>333.304</b>	<b>654.260</b>